

# CÓDIGO ÉTICO ASOCIACIÓN MISELA

20/12/2017

Entendemos como Código Ético ó conxunto de valores que guían a conduta e nos orienta na toma de decisións. Debido a isto na entidade realizouse un traballo de análise de valores e elaboración dun Código Ético, co obxectivo de servir de orientación e guía de conduta na actuación tanto das persoas que integran a Asociación Misela (Xunta Directiva, traballadores/as, voluntarios/as, persoal de prácticas, etc), como dos usuarios, usuarias e familias. Así, o Código Ético vainos permitir transmitir de forma coherente os valores da entidade.

## MISIÓN

A Asociación Misela é unha entidade privada sen ánimo de lucro que ten como misión promover o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade, así como fomentar a participación e o benestar das familias, a través dunha atención individualizada e interdisciplinar dende a infancia, na comarca de Noia e concellos limítrofes.

## VISIÓN

- Ofrecer servizos integrais, estables e de calidade á persoa con discapacidade e á súa familia.
- Ser un referente na prestación de servizos a nenos/as con discapacidade ou risco de padecela e a persoas con discapacidade, con recoñecemento social.
- Ser unha entidade con capacidade de adaptación á evolución das necesidades do colectivo e factores externos que inflúan no 3º sector.

## VALORES

As accións levadas a cabo pola Asociación Misela, réxense polos seguintes valores:

1. Traballo en equipo
2. Mellora continua
3. Respecto
4. Transparencia
5. Igualdade interseccional
6. Implicación
7. Confianza
8. Proximidade
9. Accesibilidade
10. Inclusión
11. Capacidade de adaptación ó cambio
12. Profesionalidade

## Persoas destinatarias deste CÓDIGO ÉTICO

O presente Código Ético será de aplicación a todas as persoas que integran a Asociación Misela, incluíndo:

- Os membros da Xunta Directiva á hora de elaborar e desenvolver a estratexia da entidade, representar á mesma, redactar documentos, etc.
- O equipo humano da Asociación Misela, que inclúe ó persoal fixo e eventual, alumnos en prácticas, voluntarios, etc.
- Usuarios/as e familias dos servizos da entidade.

## VALORES

### 1. TRABALLO EN EQUIPO

Defínese como o traballo realizado por un conxunto de persoas cun obxectivo común, onde se coordinan e integran esforzos, e se distribúen as tarefas de forma equilibrada. Favorece o compañeirismo e a asertividade xa que fai que todo o grupo asuma unha responsabilidade global do seu propio traballo e a do resto de compañeiros/as. O traballo en equipo é fundamental na Asociación Misela, xa que nos permite marcar metas comúns e dirixirnos día a día a consecución de novos obxectivos e retos.

Así, as persoas que integramos a Asociación Misela:

- Asumiremos os obxectivos do equipo como propios, desenvolvendo as accións necesarias para acadalos.
- Formaremos un equipo interdisciplinar, onde todos os traballadores e traballadoras operen de maneira conxunta para a resolución dun obxectivo en común.
- Crearemos espazos de traballo idóneos para o traballo en equipo, promovendo canles de comunicación, tanto formais como informais.
- Planificaremos e participaremos en reunións ou grupos de traballo para favorecer o intercambio continuo de información, nun ambiente propicio e de plena confianza.

### 2. MELLORA CONTINUA



A mellora continua está baseada no ciclo PDCA (planificar, desenvolver, revisar e actuar), implica a competencia de orientarse cara o logro, mostrando así interese por facer un traballo o máis eficaz posible, ter iniciativa para emprender accións, mellorar resultados, identificar riscos e buscar oportunidades.

Deste xeito, as persoas que formamos parte da Asociación Misela:

- Procuraremos realizar unha planificación baseada na análise interna e externa da entidade e vixiaremos que esta se leve a cabo.

- Identificaremos posibles áreas de mellora no desenvolvemento do noso traballo, comunicándoas a quen corresponda.
- Dotaremos á Asociación dun sistema de avaliación de resultados e de introdución de melloras na mesma, garantindo o emprego do mesmo.
- Promoveremos o enfoque de orientación cara o logro entre todos os que integramos a entidade.



### 3. RESPECTO

Consideración e valoración especial que se lle ten a alguén ou a algo, ó que se lle recoñece valor social ou especial deferencia. En concreto para o noso ámbito, céntrase no respecto pola autonomía do individuo, que se sustenta esencialmente no respecto da capacidade que teñen as persoas para a súa autodeterminación en relación coas determinadas opcións individuais de que dispoñen.

Unha das premisas máis importantes sobre o respecto é que para ser respectado é necesario saber ou aprender a respectar, a comprender ó outro, a valorar os seus intereses e necesidades. Neste sentido, o respecto debe ser mutuo, e nacer dun sentimento de reciprocidade.

No referente a este valor, as persoas ás que se nos aplica este Código Ético:

- Denunciaremos calquera situación que vulnere os dereitos da persoa con discapacidade e dos nenos e nenas con risco de padecela, e defenderemos os seus dereitos e intereses.
- Respectaremos as ideas, crenzas relixiosas, tradicións, costumes e puntos de vista propios e doutras persoas, valorando a riqueza que provee a diversidade.
- Promoveremos e difundiremos unha imaxe social axustada e inclusiva das persoas con discapacidade.

### 4. TRANSPARENCIA

Enténdese como transparencia, aquela actitude honesta, veraz e lícita dunha organización, para que esta cumpra a súa misión e visión de forma clara e ética. Inclúe tanto a transparencia a nivel económico, informativo e de traballo interno, tanto dentro da Asociación Misela como de cara á sociedade.

Así, as persoas que integramos a Asociación Misela:

- Respectaremos a legalidade, mantendo no desempeño das actividades, un estrito respecto á normativa vixente.
- Seremos transparentes económica e informativamente tanto de cara á sociedade, como ós financiadores, socios e socias, usuarios/as, familias, traballadores/as e colaboradores/as.
- Realizaremos un bo uso dos recursos propios, públicos e de terceiros, baseándonos na austeridade e sobriedade.

## 5. IGUALDADE INTERSECCIONAL

Entendida como a posta en marcha de medidas de acción positiva que garantan a visualización e eliminación da discriminación das persoas por razón de discapacidade, xénero, orientación sexual, etnia, cultura, relixión, estatus social, ámbito de residencia (rural/urbano), etc., a favor da igualdade real.

Deste xeito, as persoas que formamos parte da Asociación Misela:

- Velaremos e fomentaremos a igualdade de oportunidades tanto da persoa con discapacidade ou neno con risco de padecela no ámbito escolar, laboral, familiar e social.
- Aseguraremos a igualdade de oportunidades a todas as persoas usuarias e familias tanto de acceso, de mantemento no servizo, como dos recursos prestados.
- Planificaremos e participaremos en accións de concienciación da sociedade, a través de divulgacións, actividades e programacións de diferentes accións para loitar contra as barreiras actitudinais: estereotipos, estigma, prexuízos e discriminación.

## 6. IMPLICACIÓN

A implicación é o grao no que unha persoa se identifica co seu traballo e se ve influída por este e polas súas consecuencias. Os traballadores e traballadoras cun maior nivel de implicación valoran positivamente o seu traballo e vense influenciados e identificados con este nun maior grao.

No referente a este valor, as persoas ás que se nos aplica este Código Ético:

- Compartiremos os valores e os obxectivos da asociación, sentíndonos parte da mesma e participando de maneira activa.
- Apoiaremos e participaremos responsablemente e de forma activa nas iniciativas, obxectivos, estratexia, actividades e plans que poña en marcha a entidade.

## 7. CONFIANZA

A confianza é a crenza en que unha persoa ou grupo será capaz e desexará actuar de maneira adecuada nunha determinada situación e pensamento.

Por outra parte, nun ámbito de traballo é necesario xerar un ambiente de confianza onde os traballadores e traballadoras confíen nas decisións dos seus compañeiros e se traten con profesionalidade.

Para promover a posta en marcha deste valor, as persoas:

- Facilitaremos a existencia dun ambiente de confianza mutua que axude a xerar un clima de convivencia adecuada.
- Gardaremos segredo de toda a información á que teñamos acceso no desenvolvemento do noso rol dentro da entidade, tanto durante a nosa vinculación á mesma como unha vez finalizada dita relación.

- Favoreceremos a participación e o incremento progresivo de corresponsabilidades e responsabilidades dentro do equipo, aportando valor ó traballo e ó criterio de todos e confiando nas súas capacidades e aptitudes.

## 8. PROXIMIDADE

Refírese a estar preto de alguén, que non hai distancia. Implica compañía, presente ou non. A persoa sentirase arroupada se percibe que os demais a rodean con comprensión, a entenden e a acompañan no seu día a día. Estar achegado ou próximo a unha persoa física e moralmente.

A este respecto as persoas da Asociación Misela:

- Potenciaremos o apoio mutuo entre todas as persoas, evitando actitudes que dificulten ou impidan o devandito apoio mutuo.
- Actuaremos cunha actitude de escoita activa e favoreceremos a construción de relacións tanto con usuarios/as e familias, como cos outros membros do equipo.
- Comprenderemos e mostraremos empatía ante as necesidades das persoas usuarias, familias e outros membros do equipo.

## 9. ACCESIBILIDADE

Condición que deben cumprir as entornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos e instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma mais autónoma e natural posible. Presupón a estratexia de “deseño para todos” e enténdese sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse. A accesibilidade facilita a vida da persoa con diversidade funcional, da súa familia, amigos e da sociedade en conxunto.

En xeral, as persoas que integramos a Asociación Misela:


- Aplicaremos os criterios de accesibilidade universal con carácter previo a calquera das nosas actuacións e como base para a participación social plena.
- Defenderemos e faremos visible no entorno a importancia da accesibilidade universal para facilitar a participación de todas as persoas en condicións de igualdade.

## 10. INCLUSIÓN

Entendida dende un punto de vista social, significa integrar a vida comunitaria a todos os membros da sociedade en igualdade de condicións, independentemente do seu orixe, saúde, actividade, condición socio-económica ou pensamento, evitando discriminacións e minorías excluídas.

Para isto, terase en conta que as persoas:

- Fomentaremos a execución de programas e accións para promover a autonomía e a inclusión das persoas con discapacidade no ámbito familiar, escolar, social e laboral.



## 11. CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN Ó CAMBIO

É a capacidade para modificar a propia conduta para alcanzar determinados obxectivos cando xorden dificultades, nova información ou cambios no medio, xa sexan do entorno exterior, da propia organización, dos nosos principais grupos de interese ou dos requirimentos do traballo en si. Esta capacidade obsérvase nun primeiro lugar na actitude das persoas ante dificultades ou novas situacións, seguida da resposta que son capaces de dar para resolver ou adaptarse.

A capacidade de adaptación é un dos principais valores que persigue a Asociación Misela, sendo o único valor mencionado na Visión da entidade, referíndose na mesma á "capacidade de adaptación á evolución das necesidades do colectivo e factores externos que inflúan no terceiro sector".

Deste xeito, as persoas que formamos parte de Misela:

- Enfrontaremos de forma aberta situacións distintas ás que non estamos acostumados na nosa rutina de traballo.
- Percibiremos os cambios como unha posibilidade de novas aprendizaxes e crecemento persoal e profesional.

## 12. PROFESIONALIDADE

A profesionalidade defínese como o exercicio adecuado da profesión de cada persoa con capacidade e eficacia. No referente á profesionalidade é necesario ter en conta as seguintes características en cada traballador:

- Aptitude: en canto a coñecemento teórico e real do traballo que estamos a realizar, habilidade para buscar e aplicar solucións, experiencia previa no traballo e a actualización ou aprendizaxe continuo.
- Competencias persoais, é dicir as diferentes capacidades, ferramentas e fortalezas de que dispón o traballador.
- Actitude ante os valores da entidade e o compromiso coa mesma en canto ós seus principios, prioridades e obxectivos.
- Responsabilidade ante o traballo.

Así, as persoas da Asociación Misela:

- Manterémonos ó día nos aspectos técnicos do noso traballo e melloraremos os nosos coñecementos e habilidades.
- Executaremos as tarefas dentro do noso exercicio profesional buscando a excelencia nas mesmas.
- Mostraremos responsabilidade na planificación e execución das funcións e tarefas a realizar.